

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 31 XULLO DO 2006.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día trinta e ún de xullo de dous mil seis; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luisa del Carmen Escudero Centrón e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 24 de Xullo do dous mil seis (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

ACOMETIDAS DE AUGA.-

“Visto o escrito presentado por **don Eleazaro Barbosa Da Silva**, con domicilio na rúa San Lázaro nº 37, 3º esquerda, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmoible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.”

“Visto o escrito presentado por **don Chen Haijun**, con domicilio na rúa Travesía do Ribeiro nº 3, 2ºF, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmoible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co

que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.”

“Visto o escrito presentado por **don Manuel Suárez Cuiñas**, con domicilio na estrada de Filgueira nº 101, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.”

CONDICIONS URBANISTICAS.-

Vista a solicitude de **don Modesto Pontes Sánchez**, con domicilio na rúa Xoán XXIII nº 3, 7ºG, no que interesa solicitude de cambio de uso dun inmovible sito na estrada de Francelos (Ref. Catastral 04.18.9-10 e 13), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal de data 21.07.06, que literalmente di

“A ordenación urbanística do Concello de Ribadavia, corresponden ás NNSSM publicadas nos BOP 239 de 16 de outubro de 1986 nº 66 do 23 de marzo de 1987, NCSPP, que no carácter de aplicación corresponda e publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991.

Este ordenamento supeditase á “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA nº 252 do 31 de decembro de 2002, modificada por a Lei 15/2004 de 29 de decembro, así como disposicións concorrentes.

1. A parte non construída da parcela con Referencia Catastral 04.18.9-10 e 13 con fronte á Estrada de Francelos, según consta nas NNSSM corresponde a Solo Urbano con regulación según a LOUGA por os Art. 17. “Dereitos dos propietarios” e Art. 18. a) na Categoría de Solo Urbano Consolidado.
2. É de aplicación a Ordenanza 4.1. Residencial Cerrada das NNSSM, páxinas 29 e 30; así como disposicións concorrentes das NNSSM.

3. Urbanización e alineación frontal:

Alineación Frontal: según corresponde á Cartografía Oficial en coincidencia co edificio existente con Referencia Catastral 04.18.9-14 situado no extremo esquerdo e no extremo dereito o edificio existente. (observando desde a vía pública)

Urbanización: aportarase plano específico mantendo o aparcadoiro frontal e posición do bordillo, reflexando a situación da rede de abastecemento e saneamento, instalarase unha boca C.I. en pozo regulamentario.

Adxúntase condicións de abastecemento e saneamento emitidas por Aqualia, empresa concesionaria do servizo de abastecemento e Saneamento do Concello de Ribadavia.

4. Axúntase co presente informe:
 - a. Ordenanza 4.1, Residencial Cerrada.
 - b. Plano NNSSM, E 1: 2.000.
 - c. Plano Catastral.

Vista o recurso de alegacións realizado por don **Manuel Meiriño Martínez**, con domicilio na rúa Ribeiro nº 45, 1º, de data 25-05-06 (Rexistro de Entrada núm..2436) contra acordo da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 08-05-06 relativo a informe urbanístico aplicable a un inmovible sito na rúa Muñoz Calero nº 9 (Ref.. Catastral núm.. 10.33504/05/06/07), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, tendo en conta a documentación e informes obrantes no expediente, acorda estimar as alegacións presentadas en base ao informe do técnico municipal de data 28.07.06, que literalmente di:

“Dado que a normativa de planeamento municipal, NNSSPPMM, publicadas nos BOP nº 239, do 16 de outubro de 1986 e nº 66, do 23 de marzo de 1987 e no D.O.G.A. de 19 de xuño de 1991, non se atopa adaptada á *Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; modificada por la Lei 15/2004 de 29 de decembro*, é de aplicación a *Disposición transitoria primeira.- Réxime de aplicación ós municipios con planeamento non-adaptado:*

b) Ó solo urbano dos municipios con planeamento xeral non-adaptado á Lei 1/1997, do solo de Galicia, que reúna as condicións establecidas no artigo 12.a) desta lei, aplicaráselle o disposto nesta para o solo urbano consolidado, sen prexuízo de respecta-la ordenación establecida no planeamento vixente.

Artigo 12º.-Categorías de solo urbano.

Os plans xerais diferenciarán no solo urbano as seguintes categorías:

a) Solo urbano consolidado, integrado polos soares así como polas parcelas que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polo planeamento urbanístico, poidan adquiri-la condición de soar mediante obras accesorias e de escasa entidade que poden executarse simultaneamente coas de edificación ou construción.

b) Solo urbano non-consolidado, integrado pola restante superficie de solo urbano e, en todo caso, polos terreos nos que sexan necesarios procesos de urbanización, reforma interior, renovación urbana ou obtención de dotacións urbanísticas con distribución equitativa de beneficios e cargas, por aqueles sobre os que o planeamento urbanístico prevexa unha ordenación substancialmente diferente da realmente existente, así como polas áreas de recente urbanización xurdida á marxe do planeamento.

Segundo os datos aportados polo solicitante, os terreos onde se pretende edificar conxuntamente están constituídos polas parcelas catastrais nº 1033504/05/06/07 e 08, presentándose documentación relativa á propiedade dos mesmos, así como documentación referida, datada no 21 de marzo de 1892, á que o terreo situado no linde dereito non é un camiño público senón que se trata dunha servidume de paso á finca nº 1033504, que se

extinguirá no momento de que a mesma se agregue as outras parcelas referidas para a súa edificación.

Por outro lado, segundo o informe da empresa concesionaria, Aqualia, existen os servizos urbanísticos de abastecemento de augas e de saneamento municipal suficientes; existindo, ademais subministración de enerxía eléctrica, iluminación pública e beirarrúa; cumpríndose por tanto ás condicións de soar esixidas na *Lei 1/1997, do solo de Galicia*.

Artigo 16º.- Soares.

1. Terán a condición de soar as superficies de solo urbano legalmente divididas e aptas para a edificación que, en todo caso, contén con acceso por vía pública pavimentada e servizos urbanos de abastecemento de auga potable, evacuación de augas residuais á rede de saneamento, subministración de enerxía eléctrica, iluminación pública, en condicións de caudal e potencia adecuadas para os usos permitidos. Se existira planeamento, ademais do anterior deberán estar urbanizadas de acordo coas aliñacións, rasantes e normas técnicas establecidas por este.

* Clasificación Urbanística:

Por todo o exposto anteriormente, enténdese que os citados terreos están incluídos dentro do Solo Urbano Consolidado, debéndose respectar a franxa de 20 m. de fondo respecto a alineación da Estrada Nnal.-120 que quedarían incluídos dentro do solo Urbano Non Consolidado.

Considerándose imprescindible a edificación conxunta das referidas parcelas coa finalidade de salvagardar ós dereitos de aproveitamento urbanístico.

* Calificación Urbanística:

Será de aplicación a Ordenanza RC. Residencial Cerrada, 4.1, das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais, da que se adxunta fotocopias”.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

“Da Comandancia de Ourense, Posto da Garda Civil de Ribadavia, remitindo tabla estadística de infraccións penais ocorridas en Ribadavia, período Xuño 2006.”

-“Da Delegación Provincial da Consellería de Traballo, Resolución de data 18 de xullo pasado concedendo subvencións para a contratación de traballadores desempregados para a realización da obra ou servizo denominados:

“Brigada de Mantemento de Infraestructuras viarias rurais (4 traballadores)”.

“Brigada de Mantemento e Reposición de Mobiliario Urban, Xardíns e Areas Recreativas (4 traballadores).

“Brigada de Acondicionamento e adecentamento de espazos públicos (3 traballadores).

“Grupo de Apoio os Servizos Sociais do Concello (3 traballadores)”.

“Grupo de Desenvolvemento de iniciativas culturais (3 traballadores)”.

“Grupo de Apoio as actividades da escola deportiva municipal (2 traballadores)”.

“Grupo de Apoio os Servizos de Información e promoción turística (2 traballadores)”.

“Grupo de Apoio os Servizos Administrativos do Concello (2 traballadores)”.

“Grupo de Apoio o Departamento de Promoción Económica do Concello (2 traballadores)”.

-“ Da Confederación Hidrográfica do Norte, Resolución de data 29 de xuño pasado relativo a execución das obras do proxecto de mellora do saneamento do parque empresarial de San Cristovo, en dominio público hidráulico e zona de policía do río Avia”.

-“ Da Confederación Hidrográfica do Norte, Resolución de data 29 de xuño pasado relativo a autorización para execución do Saneamento de Santo André e A Quinza, na zona de Policía do marxen esquerdo do río Avia”.

-“ Da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, sobre Protocolo para a colaboración na execución da medida xudicial de prestacións en beneficio da comunidade”.

-“ Da Delegación Provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, Resolución de 24-07-06 concedendo unha subvención de 2.040 euros para programas destinados a promoción da muller. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aceptar a devandita subvención en todos os seus términos.

-“Da Dirección Xeral de Administración Local, Resolución do 28 de xullo pasado, concedendo unha subvención o abeiro da Orde do 14 de febreiro de 2006 pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de obras e equipamentos por parte das entidades locais de Galicia, para “Equipamento mobiliario e adecentamento (pintura e outros) para as casas do pobo do Concello”, por importe de 6.000 euros. Asímesmo a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aceptar a devandita subvención en todos os seus términos.”

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACION DE CONVENIOS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribadavia e o Ribadavia Atlético, para a utilización de instalacións deportivas municipais.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribadavia e o Club Rugby Fútbol Club Ribeiro, para a utilización de instalacións deportivas municipais.

SUBVENCIONS PROTECCION CIVIL.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, o abeiro da Orde do 6 de Xullo de 2006, pola que se ditan normas para a cesión en propiedade de material de primeiros auxilios e desfibriladores semiautomáticos externos, aos Concellos e Mancomunidades de Concellos

galegos para misións de protección civil, acorda: a) Solicitar a cesión en propiedade, regulada nesta Orde, aceptando integramente os seus termos e prescricións; b) Facultar o Sr. Alcalde para acepta-la cesión en propiedade nas condicións establecidas pola Conselleria e asinar a correspondente acta, no caso de resolución favorable da Conselleria.

PETICIONS DE SUBVENCIONS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, o abeiro da Orde do 3 de Xullo de 2006, pola que se regulan a concesión, en réxime de concurrencia competitiva, de subvencións a Concellos, Mancomunidades de Concellos e Consorcios Locais, para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollida e integración da poboación inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autonoma Galega durante o ano 2006, acorda acollerse a devandita Orde, aceptando integramente os seus termos e prescricións..

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.